



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tecnoloxías da linguaxe

Materia	Tecnoloxías da linguaxe			
Código	V01G430V01222			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	García-Miguel Gallego, José María			
Profesorado	Cabeza Pereiro, María del Carmen García-Miguel Gallego, José María			
Correo-e	gallego@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Esta materia prepara o alumnado na comprensión das técnicas utilizadas no procesamento informático da linguaxe, e no uso das ferramentas que as tecnoloxías lingüísticas proporcionan para a investigación e a docencia de linguas, con especial atención aos recursos dispoñíbeis para as linguas impartidas no Grao.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C12	Coñecemento e comprensión da historia dos países das linguas do grao que axude a entender as diferenzas culturais e enmárqueas na súa devir histórico.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
- Adquirir unha visión xeral dos recursos, ferramentas e aplicacións dispoñíbeis no ámbito das tecnoloxías lingüísticas.	A3	B3	C12	D3
- Adquirir os coñecementos imprescindíbeis para analizar, desenvolver, avaliar criticamente e explotar con aproveitamento estas tecnoloxías.	A4	B9		
- Desenvolver hábitos de manexo das Tecnoloxías da Linguaxe na investigación lingüística e filolóxica, e na didáctica da lingua.				
- Adquirir un método sistemático de análise e crítica dos recursos, ferramentas e aplicacións das tecnoloxías da lingua.				
Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica				

Contidos

Tema

Parte I: Aplicacións das tecnoloxías da linguaxe	1. Linguas, tecnoloxías e sociedade da información 2. Asistencia á escritura 3. Recuperación da información e sistemas de diálogo 4. Tradución automática e tradución asistida 5. Ensino de linguas asistido por ordenador 6. Dicionarios, enciclopedias e bases de datos
Parte II: Lingüística e informática	7. Fundamentos do procesamento da linguaxe 8. Corpus lingüísticos: compilación e explotación 9. Análise morfolóxica e sintáctica 10. Análise semántica e pragmática 11. Procesamento da fala: análise e síntese de voz

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	25	40	65
Resolución de problemas	11	14	25
Resolución de problemas	11	14	25
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	15	17
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	15	17

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia
Lección maxistral	Exposición, por parte do profesorado da materia, dos contidos obxecto de estudo ou das actividades que ten que desenvolver o alumnado
Resolución de problemas	Formúlanse exercicios relacionados coa materia e o estudantado debe resolvelos aplicando os coñecementos asimilados nas clases de exposición da materia
Resolución de problemas	Formúlanse exercicios relacionados coa materia e o estudantado debe resolvelos aplicando os coñecementos asimilados nas clases de exposición da materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización de exercicios sobre os contidos da materia. Os/as estudantes con necesidades educativas especiais ou nos/nas que concurren circunstancias persoais ou familiares que incidan no seguimento regular do curso deben contactar co profesor coordinador da materia canto antes (preferentemente ao comezo do curso) para estudar a mellor maneira de adaptar a transmisión dos contidos ás súas necesidades particulares ou para contemplar unha extensión do prazo de entrega dalgunha das probas ou unha dispensa parcial da asistencia regular a clase, sempre que existan motivos xustificadas.
Resolución de problemas	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización de exercicios sobre os contidos da materia. Os/as estudantes con necesidades educativas especiais ou nos/nas que concurren circunstancias persoais ou familiares que incidan no seguimento regular do curso deben contactar co profesor coordinador da materia canto antes (preferentemente ao comezo do curso) para estudar a mellor maneira de adaptar a transmisión dos contidos ás súas necesidades particulares ou para contemplar unha extensión do prazo de entrega dalgunha das probas ou unha dispensa parcial da asistencia regular a clase, sempre que existan motivos xustificadas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Avaliación dos exercicios prácticos e problemas realizados en clase sobre os contidos da primeira parte da materia.	25	A3 B3 C12 D3 A4 B9
Resolución de problemas	Avaliación dos exercicios prácticos e problemas realizados en clase sobre os contidos da segunda parte da materia.	20	A3 B3 C12 D3 A4 B9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba parcial correspondente aos contidos impartidos na primeira parte da materia, en data por determinar na última semana de clase de marzo ou na primeira de abril. O alumnado responderá por escrito, de xeito conciso e razoado, as cuestións que se lle expoñan no exame.	30	A3 B3 C12 D3 A4 B9

Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba parcial correspondente aos contidos impartidos na segunda parte da materia, na data que determine a Facultade para os exames finais de maio. O alumnado responderá por escrito, de xeito conciso e razoado, as cuestións que se lle expoñan no exame.	25	A3 B3 C12 D3 A4 B9
---------------------------------------	--	----	-----------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A procedemento ordinario de avaliación é a **avaliación continua**, a cal presupón a asistencia e participación regular ás clases e a realización das prácticas e exercicios que se propoñan nelas.

Por tanto, aquelas e aqueles estudantes que nalgunhas das dúas partes da materia asistan a menos do 75% das clases ou entreguen (cun nivel aceptable) menos do 75% dos exercicios propostos só poderán ser avaliados polo procedemento de avaliación única (vid. infra). En caso de presentarse a un examen parcial, este non sería avaliado.

Nos exames parciais, a nota mínima para aprobar é un 5. Quen non acade esa puntuación mínima (e cumpra o requisito previo de asistencia e participación regular) poderá examinarse na segunda oportunidade só das partes suspensas.

A nota final calcularase a partir das notas parciais obtidas en cada ítem de cualificación, aplicando as porcentaxes de puntuación especificadas no apartado anterior. Para que poida calcularse a media ponderada (e por tanto para poder aprobar polo procedemento de avaliación continua) é preciso ter aprobado cada ítem de puntuación por separado, isto é, debe cumprirse o mínimo de asistencia e entrega de exercicios e deben estar aprobados os dous exames parciais.

Todas as probas cualificaranse tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística e o seu rigor académico.

Do alumnado que segue o proceso de avaliación continua espérase que participe de maneira activa no desenvolvemento do curso. É responsabilidade do alumnado facer un seguimento da materia nas clases e estar ao tanto das datas de realización e entrega das tarefas e exercicios.

Haberá tamén unha modalidade de **avaliación única** para aquelas/es estudantes que, por calquera motivo, non poidan facer un seguimento regular da materia. A avaliación constará dun exame único baseado nos contidos da materia e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar despois do período de docencia, na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través das clases, de MooVi, e das referencias bibliográficas recomendadas.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Na segunda edición das actas, aquelas/es estudantes que cumpren as condicións da avaliación continua conservarán a puntuación das prácticas, exercicios e exames aprobados e deberán realizar só o exame ou exames parciais suspensos.

Para os/as restantes estudantes que non superaran a materia na primeira edición, a avaliación levarase a cabo mediante un exame global de toda a materia, que constituirá o 100% da cualificación.

O exame terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Baker, Paul (ed.), **Contemporary Corpus Linguistics**, Continuum, 2009

Lavid López, Julia, **Lenguaje y nuevas tecnologías**, Cátedra, 2005

Martí, Maria Antònia (ed.), **Tecnologías del lenguaje**, Editorial UOC, 2003

Mitkov, Ruslan, **The Oxford Handbook of Computational Linguistics**, Oxford UP, 2022

Molina Majía, Jorge Mauricio, **Lingüística computacional y de corpus**, Universidad de Antioquía, 2021

Parodi, Giovanni; Cantos-Gómez, Pascual e Howe, Chad, **Lingüística de corpus en español**, Routledge, 2022

Rojo, Guillermo, **Introducción a la lingüística de corpus en español**, Routledge, 2021

Oliver, Antoni, **Herramientas tecnológicas para traductores**, Editorial UOC, 2016

Recomendacións

Outros comentarios

Nesta materia, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.

Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como nas horas de traballo persoal fóra da aula. Xa que logo, recoméndase firmemente o estudo diario da materia, así como a lectura atenta de todos os materiais proporcionados ao longo do desenvolvemento das aulas.

O alumnado deberá ter acceso a Moovi e consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que este será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais por parte do profesor.

Recoméndase encarecidamente o uso dos recursos da biblioteca universitaria.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa convocatoria. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
